Randea do alento

Tradución Müller parte da experiencia do escritor Oskar Pastior nun campo de traballo soviético

Nos anos de 1944 e 1945, máis de 70.000 romaneses de fala alemá foron enviados a campos de traballo soviéticos, onde traballaron predominantemente na minaría e na industria pesada. As estremas condicións nestas tarefas e a insuficiente alimentación explican a altísima taxa de mortaldade nos campos, onde morreron unhas 9.000 persoas. No ano 1949, ao remate da guerra, os campos foron disoltos e os traballadores forzados retornaron a Romanía ou asentáronse nas dúas repúblicas alemás.

Randea do alento remite a un proxecto común, unha colaboración literaria entre Herta Müller e Oskar Pastior para publicaren un libro conxunto sobre esta cuestión histórica. Pastior e Müller, ambos romaneses da minoría alemá, coñecéronse en Berlín. A lírica de Oskar Pastior é evasiva, lúdica e debedora do surrealismo. De feito, Pastior foi tradutor de Tristan Tzara e o único representante alemán do grupo OULIPO. Tamén foi un dos romaneses deportados a campos de traballo soviéticos. A rolda de entrevistas previa ao libro quedou interrompida coa morte de Pastior en 2006 e, finalmente, Müller decidiu rematar ela soa o proxecto, apoiándose nas entrevistas que tiña realizado a Pastior. O resultado non só é unha ficcionalización da experiencia de Pastior como mozo deportado, senón que asume e tematiza a súa lóxica literaria, a autorreferencialidade dos seus xogos lingüísticos.

A novela comeza co relato da deportación e remata co do retorno, mais non se pode dicir dela que estea concibida de forma lineal. Frecuentemente, en especial nos capítulos centrais, é a palabra, a realidade intralingüística, a que estrutura o texto. Así, a novela é ao mesmo tempo un glosario de termos que avanza entre a *herba da chamada*, a *pacorazón*, o *Tribunal do pan*, as *fontes de naftalina*, a *lebre branca*, a *kapusta*, o *Anxo da Fame*, a *lebreouhdor*. É de agradecer o traballo meticuloso da tradutora, Marga do Val, que enriquece con notas aclaratorias unha tradución xa de por si moi correcta. Non é traballo fácil traer ao galego *Randea do alento*, unha novela en que a codificación e decodificación dos termos é a miúdo o motor do relato. Esta sublimación lingüística, axudada polas repeticións de acontecementos e motivos, fai posíbel que o Campo se converta nun lugar case só literario. Ou, dito

Randea do alento · *Herta Müller, Marga do Val (trad.)* · Xerais, 2010 · 312 páx · 20 euros

noutras palabras, nun espazo máxico, un punto de unión entre linguas e xeografías: "KAPUSTA é verza en ruso, sopa de verzas rusa significa que, a miúdo, a sopa non leva verzas. Kapusta é, sen ruso e sen sopa, unha palabra formada por dúas cousas que non teñen nada en común, agás esa palabra. CAP é a cabeza romanesa, PUSTA é a chaira húngara. E, se un pensa isto en alemán, o Campo é ruso como a sopa de verzas". Contra a experiencia dominante do Campo, que é a fame, sitúase a estratexia do protagonista. A lingua é o alimento: "As palabras da fame, é dicir, palabras da comida, dominan as conversas e, con todo, un segue a estar só. Cada persoa come as súas propias palabras".

A cuestión de se a palabra reflicte ou oculta unha experiencia do horror non queda resolta no texto, tal vez por non poder ser levada a linguaxe ao seu límite. Os últimos capítulos da novela están dedicados ao retorno á vida de fóra. Para o Leo Auberg sobrevivente fican só dúas cousas: a presenza da fame e a nostalxia das palabras. Alén da reflexión lingüística, que é, tal e como está formulada, un dos aspectos máis interesantes da novela, *Randea do alento* ofrece un relato necesario sobre as deportacións forzadas xurdidas como consecuencia da segunda guerra mundial, un tratamento sereno das miserias da reclusión e unha testemuña ilusionante sobre a vontade de supervivencia. ***// Alba Viñas***

Álamos **/ / Ansel Adams**